

Texto e ilustracións: **ARNOLD LOBEL**

Tradución: **XOSÉ MANUEL GONZÁLEZ BARREIRO**


Encadernado en cartón. 15x21,5 cm.

72 páxinas en color.

Dispoñible en:

- Galego: "O porquiño"
Tras os Montes. ISBN 978-84-8464-703-4
- Castelán: "El cerdito"
Libros para Soñar 978-84-96388-93-2
- Euskera: "Txeritxo"
Kalandraka-Pamiela. ISBN 978-84-7681-593-9
- Catalán: "El porquet"
Kalandraka-Hipòtesi. ISBN 978-84-936667-8-1
- Portugués: "O porquinho"
Livros para Sonhar. ISBN 978-989-8205-28-5

Prezo: 15 €



O PORQUIÑO

O porquiño vivía no seu cortello, nunha granxa.

Ao porquiño gustáballe comer, correr arredor do cortello e durmir.

Pero o que máis lle gustaba era sentarse e estomballarse na lama.

O granxeiro e a súa muller querían moito ao porquiño.

-Para nós, es o mellor porco do mundo -dicían.

A historia do porquiño que acaba cimentado na beirarrúa dunha gran cidade xorde da imaxinación de Arnold Lobel como outros relatos entrañables, sinxelos e fermosos dos que tamén é autor, como "Contos de ratiños" e "Sopa de rato", publicados por KALANDRAKA. A súa obra caracterízase pola busca dos acentos pessoais, as emocións básicas e os ambientes cotiás. De aí a concisión do seu estilo literario, a base de palabras esenciais, como a condición humana que tenta plasmar.

Unha acción tan inocente e á vez tan contraditoria como a limpeza dun cortello, desencadea unha serie de despropósitos que convierten o porquiño no protagonista dunha complexa operación de rescate. A súa desventura conmóvenos, pero ao mesmo tempo fainos rir. As ilustracións redundan nese sentido do humor, levándonos do campo á cidade, nunha viaxe de ida e volta inesquecible.

ARNOLD LOBEL

(Os Ánxeles, 1933-Nova Iorque, 1987)

Estudou Arte no Pratt Institute, onde coñeceu á que sería a súa muller, a ilustradora Anita Kempler. Empezou traballando para unha axencia de publicidade e con posterioridade adicouse a ilustrar libros escritos por outros autores. En 1962 apareceu o seu primeiro libro, "A Zoo for Mister Muster", ao que lle seguiu un ano despois "A Holiday for Mister Muster". Como autor e ilustrador recibiu numerosos recoñecementos por parte do público e da crítica especializada. Entre os premios logrados destacan o comunicacion@kalandraka.com | www.kalandraka.com

Caldecott Honour Book, o Christopher Award, o Caldecott Award e o Newbery Honour Book. Ao longo da súa traxectoria ilustrou uns 70 libros doutros escritores, aos que se sumaron case unha trintena máis escritos e ilustrados por el mesmo.



- **Temática:** relato humorístico
- **Idade recomendada:** Educación Infantil
- **Aspectos destacables:** clásico da literatura infantil, do autor de "Contos de ratiños" e "Sopa de rato" (KALANDRAKA)
- **Aplicacións:** iniciación á lectura, diferenzas entre contorno rural e urbano, animais domésticos, polución